

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 3 DE AGOSTO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTO DE LEI**

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Proxecto de Lei de portos de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Marín para a reforma da pista de atletismo da Raña, cun investimento de trescentos setenta e catro mil setecentos sesenta e un euros con oitenta e nove céntimos (374.761,89€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral da Presidencia e o Concello de Foz para a realización do proxecto "A Mariña Virtual", por importe de douscentos corenta e dous mil euros (242.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago para a rehabilitación das fachadas e carpintarías do edificio modernista situado no conxunto edificatorio do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, por importe de catrocentos vinte e nove mil euros con oitocentos dezaoto euros con noventa céntimos (429.818,90 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés para o desenvolvemento dun itinerario gastronómico e para outras actuacións que contribúen á promoción e mantemento do Camiño Francés, por importe de douscentos oitenta e seis mil novecentos sesenta e sete euros (286.967 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 80 %, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018.

## **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a formalización dunha cesión de uso conxuntamente cun arrendamento con opción de compra, a favor da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións científicas, CSIC, na parcela PS-2 dos terreos da antiga ETEA de Vigo.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vilardevós, para a pavimentación das beirarrúas na rúa Eixido e no núcleo de Berrande en Vilardevós, por un importe total de cento quince mil catrocentos cincuenta e sete euros con setenta e nove céntimos (115.457,79 €).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria o compromiso de gasto de carácter plurianual derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras dunha experiencia piloto para a creación dun programa a prol da contratación e formación das persoas mozas nos sectores vinculados á Industria 4.0 e ao sector agroalimentario e se procede á convocatoria de incentivos para as empresas para formación e contratación de mozas e mozos neses sectores, por un importe total de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a exención da obriga de constituír garantías para a percepción dos pagamentos á conta por parte das entidades con fins lucrativos ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se convocan subvencións para o financiamento de programas de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a súa concesión. Importe total: vinte e dous millóns cincocentos mil euros (22.500.000,00 €).
- Acordo polo que se outorgan a autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Canedo, situado nos concellos de Alfoz e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Galfor Eólica, S. L. (LU-11/136-EOL).
- ACORDO polo que se outorga autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade cun dereito mineiro do parque eólico Coto Frío emprazado nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido pola sociedade Coto Frío, S.L. (IN661A DXIEM-03/11).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversa centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de dous millóns setecentos vinte e seis mil euros (2.726.000,00€).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material desbotable necesario para a realización de técnicas de laparoscopia para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe de doce millóns trescentos doce mil seiscientos vinte euros con oitenta e oito céntimos (12.312.620,88 €), e un valor estimado de trinta millóns cincocentos vinte e sete mil cento cincuenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (30.527.158,86 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza canina can de palleiro, para o período 2017-2020, por un importe de vinte mil euros (20.000,00 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Informe sobre as axudas concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ás entidades locais para a elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a evolución do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia en Galicia.

## **O CONSELLO DA XUNTA TRASLADA AO PARLAMENTO DE GALICIA O PROXECTO DA PRIMEIRA LEI PORTUARIA DE CARÁCTER AUTONÓMICO**

- *Regulará a xestión e explotación dos 122 peiraos dependentes da Administración galega*
- *Mellorará a oferta de servizos portuarios e a tramitación administrativa*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto da Lei de Portos de Galicia, a primeira de carácter autonómico que regulará a xestión e explotación dos 122 portos dependentes da Administración galega. Unha vez ratificado o documento, o Consello dálle traslado ao Parlamento de Galicia para inicio da súa tramitación e, se é o caso, aprobación definitiva.

A futura normativa mellorará a oferta de servizos portuarios e a tramitación administrativa en todo o relativo ao peiraos que xestiona a Consellería do Mar a través de Portos de Galicia. O articulado do texto fai referencia á regulamentación de todas as actividades que conviven nos peiraos galegos: profesional, náutico recreativa, comercial e de lecer ou complementarios vinculados ao litoral.

Co obxectivo de establecer un marco regulador organizativo e de colaboración que abarque todas estas actividades a modo de infraestrutura portuaria en rede, o proxecto de lei recolle aspectos relativos a accesibilidade e adaptación constante das infraestruturas e servizos, a relación dos portos coa vila e a intermodalidade entre vías de transporte, entre outros. Entre os principais puntos do seu contido destaca tamén a promoción da competitividade e reactivación da actividade económica e a apertura progresiva dos servizos portuarios a investidores. Entre o reforzo das garantías para os investidores, prevese a ampliación do prazo das concesións, de 30 a 50 anos, e a transparencia no procedemento de concesión dos servizos recuperando o trámite de competencia.

Polo que respecta á ordenación do solo portuario, prevese a creación de plans especiais que recollen a planificación específica de cada peirao e a zonificación das actividades que se desenvolven nel. Ademais, impulsarase a coordinación áxil cos concellos para dotar os portos dos instrumentos necesarios de planificación e ordenamento. Recóllese, así mesmo, a figura dos plans directores de infraestruturas, que planificarán a dotación de obras necesarias en cada caso nun horizonte temporal mínimo de 5 anos.

**Normativa consensuada**

Cómpre lembrar que o proxecto de lei recolle as achegas e liñas directrices consensuadas cos representantes de diferentes administracións e entidades e de todos os ámbitos da comunidade portuaria. De feito, o borrador inicial partiu dunha xornada de análise e debate organizada pola Consellería do Mar que contou con máis dun centenar de participantes.

Durante a súa tramitación, no trámite de audiencia, o texto foi exposto na páxina web da Consellería do Mar e no Consello Galego de Pesca, así como trasladado a preto de medio centenar de institucións e entidades entre cámaras de comercio, administracións públicas, federacións profesionais, colectivos do sector marítimo, empresas e sindicatos. Logo de coñecer o texto, presentáronse alegacións procedentes de 16 entidades, na súa maioría de departamentos da Administración, pero tamén de colectivos portuarios e empresariais, sindicatos e asociacións. Todas as alegacións foron respostadas modificando o texto definitivo nos casos en que as achegas resultaron aprobadas polos técnicos xurídicos de Portos de Galicia.

## A XUNTA CREA A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL PARA IMPULSAR A INNOVACIÓN E O EMPREGO NO SECTOR

- *O Consello aprobou hoxe os estatutos deste novo organismo, que ten entre os seus obxectivos o incremento do valor dos produtos da cadea forestal, a incorporación de persoal cualificado a esta industria e a innovación tecnolóxica*
- *Búscase así favorecer a competitividade dun sector do cal forman parte 3000 empresas e que emprega a máis de 80.000 persoas na Comunidade*
- *A Axencia funcionará como interlocutor entre o sector e os distintos departamentos autonómicos para canalizar as súas demandas*
- *A nova entidade permitirá afondar no fomento das relacións entre os diferentes axentes, buscando incrementar o valor engadido do produto final mediante a aplicación do deseño e a incorporación de profesionais con formación específica*
- *Apoiarase o crecemento de novas empresas de aproveitamento e transformación de produtos do monte destinados á industria forestal no medio rural*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación e os estatutos da Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e que ten por obxectivo o incremento do valor dos produtos intermedios e do produto final da cadea forestal, o fomento do emprego de calidade mediante a incorporación de persoal cualificado, e a innovación tecnolóxica.

Coa creación deste novo organismo, prevista xa na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dáse resposta ás necesidades trasladadas polo sector forestal galego, que factura ao redor de 2000 millóns de euros, que está composto por 3000 empresas e que emprega, de forma directa e indirecta, máis de 80.000 persoas.

As actuacións da Axencia irán destinadas ás pequenas e medianas empresas que conforman a cadea forestal, e que pertencen a subsectores como a explotación forestal, na que se inclúen traballos de corta e saca, de silvicultura e comercialización de madeira en bruto; a primeira transformación, á que se dedican sobre todo os serradoiros; e a segunda transformación, da cal forman parte os traballos de carpintaría e mobles, madeira tratada e elaborada, fabricación de portas e ventás, embalaxes e industrial, entre outros.

Os órganos de goberno da Axencia Galega da Industria Forestal serán a presidencia, que exercerá o titular de Economía, Emprego e Industria, e o Consello Reitor, que se prevé constituír no mes de setembro. Posteriormente nomearase a persoa que asumirá a dirección do organismo.



A nova entidade permitirá afondar no fomento das relacións entre os distintos axentes da cadea forestal, incentivando a utilización de madeira das explotacións forestais para a fabricación de produtos finais de consumo e buscando incrementar o valor engadido do produto derivado da produción forestal mediante a aplicación de deseño e innovación e a incorporación de profesionais con formación específica.

Neste sentido, fomentárase o emprego de calidade mediante o desenvolvemento de formación cualificada nos centros propios e a incorporación ao sector de especialistas con titulacións regradas de formación profesional e universitaria. Ademais, impulsarase o incremento da produtividade a través da renovación tecnolóxica e a aplicación de técnicas de enxeñaría. Buscaranse tamén novos nichos de mercado final, mediante actuacións concretas de márketing sobre o produto elaborado.

A Axencia Galega da Industria Forestal baseará as súas actuacións na colaboración participativa, e funcionará como interlocutor entre o sector e os distintos departamentos e entidades do sector público autonómico e doutras administracións para canalizar as súas demandas.

Entre as súas competencias e funcións están a de fomentar e desenvolver programas de asesoramento e de actividades científicas centradas no ámbito forestal, participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos seus fins, ou organizar programas de formación e reciclaxe profesional neste ámbito.

Tamén impulsará a nova Axencia a colaboración con centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector forestal traslade á Administración por consideralas do seu interese. Ademais, xestionará subvencións nos asuntos da súa competencia, e deseñará estratexias e programas de captación de fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e a biotecnoloxía forestal.

O novo organismo tamén se encargará de promover e apoiar o crecemento de novas empresas de aproveitamento e transformación de produtos do monte destinados á industria forestal no medio rural, incidindo especialmente na segunda e seguintes fases de transformación industrial do recurso, por seren as que proporcionan un maior valor engadido ao produto e reportan maiores beneficios globais.

Do mesmo xeito, desenvolveranse programas específicos para poñer en valor os produtos da industria forestal que faciliten a súa integración con empresas de deseño especializadas, ao tempo que se poñerá en marcha unha marca colectiva única que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal: materia prima, deseño, industrialización e comercialización.



## A XUNTA REGULA POR PRIMEIRA VEZ A SÚA RELACIÓN COA IGREXA EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL

- *O Consello do goberno galego dá o visto e praxe ao texto normativo sobre a Comisión Mixta Xunta-Igrexa, que se enmarca no desenvolvemento da nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia*
- *A Igrexa Católica deberá elaborar un programa anual de intervencións, no cal determinarán por primeira vez os criterios de asignación de fondos propios que destinarán ás intervencións nos bens da súa propiedade*
- *Esta Comisión dará forma tamén a un protocolo de seguridade arredor dos bens eclesiásticos*

A Xunta de Galicia regulará por primeira vez de forma específica a súa relación coa Igrexa en materia de conservación do patrimonio cultural de propiedade eclesiástica a través do Decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica, ao cal hoxe deu luz verde o Consello do Goberno galego. Este texto normativo, elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e cumprimento da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, substitúe un convenio moi sucinto asinado coa Igrexa co cal viña funcionando este órgano, en vigor desde 1985. Polo tanto, o decreto vén solucionar e aclarar as diferentes dúbidas sobre o seu funcionamento que foron xurdindo ao longo deste anos.

O texto aprobado hoxe determina o réxime de funcionamento, competencias e repartición de asuntos das subcomisións creadas; reorganiza a composición da comisión e, en definitiva, adáptase ás necesidades actuais. Entre as súas funcións, a comisión actuará como órgano de asesoramento da Consellería para a protección, conservación, fomento e difusión do patrimonio cultural de Galicia nas cuestións que afecten exclusivamente a bens de titularidade da Igrexa Católica que teñan valor cultural.

### Asignación de fondos

En aplicación do decreto e por primeira vez, a Igrexa comprométese a determinar os criterios de asignación de fondos propios que se destinarán ás intervencións nos devanditos bens. Neste mesmo sentido, elaborará un programa anual de intervencións para realizar nos centros da súa titularidade, que deberá organizarse por áreas culturais diferenciadas (patrimonio arquitectónico, patrimonio artístico, patrimonio documental e bibliográfico).

Neste contexto, estableceranse tamén as prioridades para a distribución das achegas e intervencións por parte da Consellería, e fixaranse as condicións para o acceso e visita

pública aos bens eclesiásticos, priorizando aqueles en que realizase ou poida realizar investimentos a Xunta.

### **Protocolo de seguridade**

A comisión será a encargada de asesorar sobre as medidas de seguridade dos bens culturais de titularidade da Igrexa Católica, e tamén se encargará de emitir informes nos procedementos de declaración de bens de interese cultural (BIC) relativos a bens eclesiásticos, sobre traslados definitivos ou ben informes sobre proxectos de obras e intervencións que afecten os ditos bens. Desta forma, o decreto dá forma –desde o punto de vista normativo– a un protocolo de seguridade para os bens eclesiásticos.

### **Funcionamento da comisión**

A comisión mixta Xunta-Igrexa funcionará en pleno ou ben a través de dúas subcomisións: a Subcomisión para o rexistro do patrimonio cultural da Igrexa Católica e a Subcomisión de conservación do patrimonio cultural da Igrexa Católica.

En concreto, a comisión en pleno estará constituída por dez representantes designados por ambas as dúas institucións. A presidencia será rotatoria: nos anos impares recaerá no conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mentres que nos anos pares terá a quenda o Arcebispo de Santiago de Compostela. Nos períodos en que non ocupen a presidencia, os ditos membros terán a condición de vogal. Así mesmo, tamén estará composta por dous vicepresidentes (a persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Cultural e o secretario da Provincia Eclesiástica de Santiago), tres vogais por parte da Xunta e outros tres designados polo arcebispo.

A comisión reunirse polo menos dúas veces ao ano en sesión ordinaria e, con carácter extraordinario, de considerarse necesario. Ademais, e como principal novidade, adoptará os seus acordos por unanimidade (ata agora as decisións tomábanse por consenso).

Por outro lado, a subcomisión de rexistro contará con 11 membros e a subcomisión de conservación con 17. Ambas as dúas estarán presididas pola persoal titular da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

### **Máis facilidades administrativas**

Ademais de determinar en detalle as funcións da comisión, o decreto tamén introduce dúas novidades principais que facilitarán os trámites administrativos de determinadas actuacións sobre bens eclesiásticos.

En primeiro lugar, cómpre destacar que todos os proxectos de obras e intervencións de bens integrantes do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica de Galicia serán instados polos bispos respectivos e, para o caso de institutos de vida relixiosa, polo máximo representante da abadía, orde ou instituto. Pero no caso de intervencións nas

parroquias, estas poderán seguir sendo instadas polos propios párrocos, aínda que a partir de agora deberán contar co visto e prace do bispado ou do superior da orde relixiosa para poder ser sometidas a informe da subcomisións.

Así mesmo, as obras e intervencións de pequena entidade que non requiran proxecto estarán exentas de informe da subcomisión, aínda que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. En concreto, trátase daquelas de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non afectan elementos estruturais nin supoñen alteración do volume, do deseño exterior, da cimentación, da estrutura, ou das condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN POLO QUE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE MARÍN MELLORARÁN A PISTA DE ATLETISMO DA RAÑA**

- *O importe total das actuacións que se van realizar ascende á cantidade de 374.761,89 euros, dos cales a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará 245.000 euros e o Concello de Marín achegará os restantes 129.761,89 euros*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Marín para a reforma da pista de atletismo da Raña. Segundo o convenio, o importe total das actuacións que se van realizar ascende á cantidade de 374.761,89 euros, dos cales a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará 245.000 euros e o Concello de Marín achegará os restantes 129.761,89 euros.

A pista de atletismo da Raña sitúase na zona sur de Marín e conta cun campo de fútbol de céspede artificial de recente construción e un pavillón polideportivo. A pista é unha instalación municipal referente en canto a volume de utilización, pero no momento actual precisa unha remodelación integral para facilitar a mellora da calidade e seguridade de todos os deportistas que gozan da súa utilización. O proxecto a acometer será a substitución do pavimento da pista que se atopa parcialmente levantado, o que provoca que non se poidan celebrar competicións nela.

A Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos para afrontar obras que beneficien o conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva. Neste exercicio de 2017, a Secretaría Xeral para o Deporte ten previsto destinar un total de 1.348.000 euros ás obras en infraestruturas deportivas nos concellos galegos.

O convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Marín artéllase segundo o artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

## **A MARIÑA LUCENSE CONTARÁ CUN CENTRO INTEGRAL DE TURISMO INTERACTIVO CO PROXECTO 'A MARIÑA VIRTUAL'**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Secretaría Xeral da Presidencia e o Concello de Foz para a posta en marcha desta iniciativa***
- ***En virtude do acordo, este novo centro situarase en Foz e contará cunha visualización tridimensional sobre esta zona de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Secretaría Xeral da Presidencia e o Concello de Foz para a realización do proxecto *A Mariña Virtual*.

Ao abeiro deste acordo, a Administración autonómica achegará máis de 240.000 € para a posta en marcha desta iniciativa, que incluírá un centro integral de turismo da Mariña lucense, onde, a través dunha visualización tridimensional e interactiva, se presentará o territorio aos visitantes dunha maneira detallada e ordenada.

Este centro estará localizado no edificio do Cinema (Centro de Interpretación da Mariña), no concello de Foz e permitirá achegar ao visitante todo o potencial deste territorio, interactuando con personaxes históricos, viaxando no tempo e na historia a través de tecnoloxías avanzadas de realidade aumentada, montaxes 3D, videogravación inmersiva e tamén a través de realidade virtual.

Este convenio enmárcase no traballo da Administración autonómica pola promoción turística dos recursos diferenciadores de Galicia, como o é a costa galega, así como por impulsar a innovación turística e as novas tecnoloxías e tamén por promover e coordinar o desenvolvemento rural en Galicia.

Todos estes aspectos están recollidos na Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta transversal e participativa do turismo galego para os vindeiros catro anos que conta cun investimento de preto de 240 millóns de euros en catro anos, e que recolle de xeito transversal estes asuntos nas súas 11 liñas estratéxicas.

O proxecto permitirá coñecer dun modo diferente da man das novas tecnoloxías esta zona de Galicia, un xeodestino, o da Mariña lucense, que abarca os concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo Viveiro e Xove.

## **TURISMO DE GALICIA AVANZA NA REHABILITACIÓN DO EDIFICIO MODERNISTA DO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA AO PEREGRINO**

- ***O Consello da Xunta autoriza un convenio de colaboración coa Fundación Catedral de Santiago para desenvolver novas actuacións neste complexo, con intervencións nas catro fachadas do inmoble e nas escaleiras que comunican as plantas altas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago que permitirá avanzar na recuperación do conxunto de edificios que compoñen o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, a infraestrutura inaugurada hai dous anos para mellorar a atención na meta do Camiño de Santiago.

Este acordo facilitará a rehabilitación do edificio modernista que se atopa neste recinto, situado na rúa de Carretas da capital galega. En concreto, realizaranse intervencións nas catro fachadas desta construción. Nelas substituiranse as actuais carpinterías de aluminio por outras de madeira de castiñeiro. Ademais, modificaranse as escaleiras que comunican as plantas altas do edificio para servir de vías de evacuación cando se actúe nos ditos niveis.

Coa aprobación deste convenio, dáse un paso máis no impulso do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino que, desde a súa inauguración en 2015, presta distintos servizos para os peregrinos e en favor da cultura xacobeá. Ademais de acoller a Oficina do Peregrino, nas súas instalacións conta cun punto de información sobre o Camiño de Santiago e a oferta turística de Galicia, unha biblioteca xacobeá ou un centro de documentación, que serven de apoio á actividade da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, impulsada pola Xunta de Galicia en colaboración coa Universidade de Santiago e a Catedral de Santiago.

As novas actuacións de rehabilitación levaranse a cabo a través dun investimento de preto de 430.000 euros, que afondan nos obxectivos do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago, a folia de ruta que está a executar numerosas iniciativas de mellora nas distintas rutas coa vista posta no próximo Xacobeo 2021. Este documento prevé oito liñas de traballo, como a especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino e o fortalecemento de Santiago de Compostela como meta de peregrinación xacobeá. O convenio autorizado hoxe avanza en ambas as liñas nun contexto de aumento constante do número de peregrinos.

Despois dun 2016 de récord que rematou con 277.854 peregrinos, nos sete primeiros meses do ano mantense a tendencia á alza. Nese tempo percorreron a ruta xacobeá case 160.000 persoas, un incremento do 9% respecto ao mesmo período do pasado ano. Preto dun 60% deles son, ademais, estranxeiros. Neste sentido, a prestación



dunha atención da máxima calidade nun espazo como o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, na contorna da praza do Obradoiro, promove a boa imaxe de Galicia, pois o Camiño de Santiago constitúe o principal recurso da Comunidade e a súa carta de presentación en moitos países do mundo.

## **TURISMO DE GALICIA COLABORA COA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO CAMIÑO FRANCÉS NA CREACIÓN DUNHA RUTA GASTRONÓMICA**

- ***O Consello da Xunta autoriza un convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés con iniciativas en favor da desestacionalización do turismo e que contribuirán ao mantemento, a xestión e a promoción desta ruta***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés que facilitará a creación dunha ruta gastronómica neste itinerario xacobeo. Gracias a este acordo, os 11 municipios que compoñen esta mancomunidade organizarán, nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro, xornadas gastronómicas cos seus diferentes produtos locais como protagonistas.

Esta acción terá lugar na temporada de menor afluencia de peregrinos, o que afonda na liña de traballo de desestacionalización do turismo. Gracias a este convenio de colaboración, os peregrinos do Camiño Francés, que concentra o 60% dos camiñantes, poderán coñecer as singularidades da gastronomía de distintas zonas da Comunidade, o que, pola súa vez, servirá para dinamizar as economías locais e beneficiará distintos sectores dos 11 concellos.

O convenio terá vixencia ata 2020 e conta cunha achega por parte de Turismo de Galicia de preto de 287.000 euros. A maior parte destinarase á ruta gastronómica, pero haberá dúas actuacións máis encamiñadas a contribuír ao mantemento do Camiño Francés e á xestión e a mellora deste itinerario. Deste xeito, o convenio tamén permitirá a xeración de emprego.

Nas xornadas gastronómicas propostas, promoveranse, entre outros produtos, o queixo do Cebreiro, o cocido, a carne de porco, o pan artesán, os biscoitos de Manxarín, os embutidos, o polbo, as anguías, o roscón de Pascoa, a tarta de Ancano, o augardente, o queixo Arzúa-Ulloa, os melindres, o capón ou o galo piñeiro. Todos eles son representativos dos concellos que forman parte da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, declarado Patrimonio Mundial pola Unesco no ano 1993. Trátase do Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino.

O apoio económico de Turismo de Galicia a través deste acordo axudará á consecución dos seus obxectivos e avanza no desenvolvemento do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago que, coa vista posta no Xacobeo 2021, contén numerosas accións distribuídas en oito liñas de traballo. Entre elas atópanse varias nas que afonda este acordo: o fomento da cooperación interadministrativa, a creación de produtos específicos de carácter cultural e turístico vinculados ao Camiño, a dinamización dos

diferentes itinerarios e a difusión dos valores e das singularidades de cada unha das rutas de peregrinación a Santiago.

Estas iniciativas enmárcanse nun contexto de constante aumento do número de peregrinos. Despois dun 2016 de récord que rematou con 277.854 peregrinos, nos sete primeiros meses deste ano mantense a tendencia á alza. Ao longo dese período percorreron a ruta xacobeá case 160.000 persoas, un incremento do 9% respecto ao mesmo período do pasado ano.

## **A XUNTA RENOVA O SEU PROGRAMA PIONEIRO DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *A iniciativa, posta en marcha por vez primeira o ano pasado, ten como obxectivo mellorar a empregabilidade das mulleres vítimas de violencia de xénero para conseguir a súa independencia económica e persoal*
- *O orzamento para este ano e o próximo ascende a algo máis de 800.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe renovar o programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero que o Goberno galego impulsou de forma pioneira a nivel estatal o pasado ano. A iniciativa dispón dun orzamento de algo máis de 800.000 euros —cofinanciados polo Fondo Social Europeo— que se distribuirán entre este ano e o que vén.

A convocatoria, da cal poden ser beneficiarias entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, ten por obxecto desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral.

En moitas ocasións, a falta de recursos propios -fundamentalmente dun posto de traballo- dificulta a ruptura da situación de violencia. Por iso, a inserción sociolaboral é un mecanismo fundamental e clave para acadar a independencia económica e persoal necesaria para rachar os vínculos co agresor. Con esta iniciativa, a Xunta mantén o compromiso de articular unha resposta global á problemática da violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias, a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas e ás persoas ao seu cargo.

### **Accións subvencionables**

A convocatoria comprende tres tipos fundamentais de accións subvencionables. A primeira son os itinerarios de inserción, que poden comprender accións como a orientación profesional e intermediación laboral, a busca activa de emprego con acompañamento ou o seguimento de inserción nas empresas.

Tamén se subvencionarán actividades de formación para o emprego, que teñen como finalidade formar e capacitar as participantes para o seu acceso ao emprego a través da mellora das súas competencias profesionais, coñecemento e prácticas. Por último, tamén se apoiarán actuacións de conciliación que consistirán, fundamentalmente, na posta á disposición de servizos de atención persoal ou familiar para facilitar a participación das mulleres en situación de violencia de xénero nas accións comprendidas no seu itinerario ou na formación para o emprego. O importe máximo de cada axuda será de 95.000 euros.

## A XUNTA ACORDA CO CSIC O TRASLADO DE DÚAS INSTALACIÓNS CIENTÍFICAS AO FUTURO CAMPUS DO MAR DE VIGO, NA ANTIGA ETEA

- *O organismo científico resituará nestes terreos o seu Instituto de Investigacións Mariñas e tamén a Unidade de Tecnoloxía Mariña*
- *A Administración galega cederalle unha parcela de máis de 16.000 metros cadrados para que a axencia estatal desenvolva esta actuación*
- *Este acordo únese aos convenios xa asinados coa Universidade de Vigo e co Consorcio da Zona Franca para poñer en marcha o Campus do Mar*
- *A Xunta ten comprometidos cinco millóns de euros para un proxecto que situará Galicia á vangarda da investigación mariña*

O Consello da Xunta autorizou a cesión ao Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) dunha parcela nos terreos da antiga ETEA, en Vigo, para que este organismo estatal traslade dúas das súas instalacións científicas que na actualidade están situadas na cidade. O acordo acadado entre ambas as partes permitirá ao CSIC instalarse no futuro Campus do Mar nunha parcela de máis de 16.000 metros cadrados.

Así, a Xunta porá á disposición do CSIC a parcela PS-2 da ETEA, que se terá que destinar a actividades propias do organismo.

Na solicitude de cesión o CSIC fai constar a súa intención de trasladar dúas das súas instalacións aos terreos da antiga ETEA, no barrio de Teis: o Instituto de Investigacións Mariñas, creado en 1951 e que ocupa a súa actual sede no barrio de Bouzas, e a Unidade de Tecnoloxía Mariña-Sede Atlántica do CSIC, situada tamén na cidade de Vigo.

No primeiro caso, o Instituto de Investigacións Mariñas é un organismo propio do CSIC que ten por obxecto o desenvolvemento dunha investigación integrada e multidisciplinar en ciencias mariñas, así como a formación de persoal investigador, a contribución ao ensino da ciencia e a transferencia de coñecementos científicos e de tecnoloxía á industria. En canto á Unidade de Tecnoloxía Mariña, encárgase da xestión loxística e tecnolóxica de tres instalacións científico-técnicas singulares. O obxectivo fundamental desta unidade é ofrecer á comunidade científica a instrumentación e os servizos tecnolóxicos necesarios para que os proxectos que apoia utilicen as tecnoloxías máis innovadoras.

O CSIC considera que a parcela situada nos terreos da antiga ETEA é a localización máis adecuada por constituír un espazo de calidade, próximo ao mar e con zona de atracada para buques. Ademais, tamén ten en conta que o Campus do Mar agrupará entidades académicas e de investigación e innovación na área mariña.

### **O Campus do Mar, xa en marcha**

Este acordo únese aos convenios xa asinados pola Xunta de Galicia con Zona Franca e a Universidade de Vigo para poñer en marcha o Campus do Mar na antiga ETEA, co obxectivo de internacionalizar a institución académica viguesa e facer de Galicia un referente na investigación no ámbito do mar e a eólica mariña.

Por unha parte, a Xunta asinou xa un convenio de colaboración co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Campus do Mar. A través deste acordo, a Xunta reverteu á Zona Franca as parcelas 3A e 3B, que se corresponden coa área científico tecnolóxica, para que a Universidade de Vigo proceda ao seu desenvolvemento. A Xunta comprométese a tramitar e aprobar o proxecto ou proxectos sectoriais necesarios para desenvolver as actuacións do Campus do Mar, e tamén a executar as obras de urbanización e garantir os servizos urbanísticos necesarios para que o Campus poida ser inaugurado.

A primeira das parcelas destinarase a espazo para a sede corporativa do Campus do Mar, acelerador de empresas (Emprendemar) e centro de innovación gastronómico do Campus do Mar. A segunda das parcelas, baixo o liderado da Universidade de Vigo, albergará actividades relacionadas coas tecnoloxías avanzadas mariñas. A Xunta prevé destinar uns cinco millóns aos distintos proxectos que afectan o desenvolvemento do Campus do Mar.

Ademais, a Administración galega tamén asinou hai unhas semanas outro convenio coa Universidade de Vigo para o financiamento dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday, situado tamén nos terreos da antiga ETEA. A Administración galega destinará este ano máis de 243.000 euros para iniciar a rehabilitación deste inmovible, que acollerá a sede institucional do Campus do Mar.



## MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ MÁIS DE 115.000 EUROS Á PAVIMENTACIÓN DAS BEIRARRÚAS DA RÚA EIXIDO E DO NÚCLEO DE BERRANDE EN VILARDEVÓS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración para a execución desta actuación, enmarcada no Plan hUrbe*
- *Grazas a esta obra homoxenizarase a vía e equilibraranse os largos que presentan os peches e accesos no núcleo de Berrande*
- *Esta mellora é acorde cun dos obxectivos do Plan hUrbe, promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vilardevós para a adecuación e pavimentación das beirarrúas da rúa Eixido e no núcleo de Berrande, por un importe de máis de 115.000 euros.

Trátase da terceira actuación que se executa en Vilardevós a cargo do Plan hUrbe, que ten entre as súas finalidades mellorar e promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais, polo que a actuación autorizada esta mañá é acorde con este obxectivo.

Neste caso concreto, a rúa é unha vía de case 400 metros cadrados cun pavimento de soleira de formigón que presenta diferencias no seu acabado por ambas as marxes. Coa actuación que se pretende levar a cabo homoxenizarase o seu aspecto, facendo esta zona máis accesible e segura para o tránsito peonil.

Asemade, no núcleo de Berrande -a súa entrada pola vía que une coa de Trave-atópase unha beirarrúa delimitada por un bordo de formigón contra o pavimento de asfalto da calzada. A beirarrúa ten un ancho de 1,32 metros, pero con anchos pavimentados variables ao da súa traza, provocados polas distintas condicións e dimensións colindantes cos peches.

Polo tanto, acométese o acondicionamento deste espazo para ordenalo e dignificalo, diferenciando as zonas de uso peonil das de uso para vehículos.

Coa actuación, subvencionable ao 100% por parte da Xunta, foméntase a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor; tamén se promoven todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Un dos obxectivos da Xunta de Galicia é promover a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar os concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, con obxecto de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Esta actuación vén poñer de manifesto os esforzos do Goberno galego por mellorar as vilas galegas; xa que no presente exercicio executaranse 15 actuacións nos respectivos concellos, o que se traduce nun orzamento de case tres millón de euros.

Desde o ano 2010, o investimento realizado na provincia de Ourense a través do Plan *h*Urbe ascende aos 10 millóns de euros, que permitiron financiar 64 actuacións; que no conxunto de Galicia se eleva a 123 millóns de euros, para facer realidade 157 actuacións.

Cómpre recordar que este plan ten un triplo obxectivo, fomentar a humanización das vilas de Galicia, favorecer a cooperación da Administración autonómica e os concellos e promover o reequilibrio territorial na nosa Comunidade, coa recuperación de espazos públicos.

**A XUNTA ACTIVA UN BONO DE 7000 EUROS PARA QUE EMPRESAS DA INDUSTRIA 4.0 E A AGROALIMENTACIÓN FORMEN E CONTRATEN 500 MENORES DE 30 ANOS**

- *O programa **Emprega Xuventude** é unha experiencia piloto e pioneira en Galicia que a Consellería de Economía, Emprego e Industria pretende desenvolver para mellorar a situación profesional das mozas e mozos galegos*
- *Nunha primeira fase investirá 3,5 millóns e prestará especial atención a persoas sen experiencia laboral*
- *Outorgaranse axudas de 2000 euros para a cualificación na propia empresa e de 5000 euros para incentivar a contratación ao longo dun ano como mínimo*
- *A Xunta pon en marcha esta iniciativa para fomentar a contratación xuvenil e atender as necesidades das empresas cara aos novos perfís profesionais*
- *Pretende consolidar o emprego de calidade entre a poboación menor de 30 anos, un colectivo en que se reduciu o desemprego en máis dun 21% no último ano*
- *A iniciativa forma parte da Axenda 20 a través da cal se impulsaron este ano outros programas como as unidades formativas en empresas*

A Xunta vén de activar **Emprega Xuventude**, un novo programa destinado a impulsar a formación e a contratación dos menores de 30 anos sen emprego en Galicia. Trátase dunha experiencia piloto pioneira na Comunidade, xa que combina por primeira vez formación e incentivos á contratación para mellorar a situación profesional da mocidade.

Para iso, a iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria inclúe axudas a través dun bono de 7000 euros. Deste forma, nunha primeira fase, de forma experimental, investiranse 3,5 millóns de euros, financiados a través do Sistema de Garantía Xuvenil, para beneficiar 500 mozos e mozas que se poderán cualificar e traballar en dous dos sectores estratéxicos galegos: a Industria 4.0 e o agroalimentario.

O principal obxectivo é ofrecer á mocidade galega a oportunidade de formarse e acceder ao mercado laboral. Para mellorar a súa cualificación, outorgarase un bono de 2000 euros aos participantes, que se formarán nas propias empresas, polo que a formación se centrará nas características do posto para o cal é contratado o mozo ou moza. É dicir, a Xunta apoiará un plan de formación adaptado ás necesidades e habilidades do propio posto de traballo. Será, polo tanto, unha formación adaptada á demanda real das empresas galegas.

Para incentivar a contratación, haberá un segundo bono de 5000 euros -tamén por participante- para empresas de sectores e liñas de negocio empresarial vinculadas á innovación tecnolóxica industrial ou ao sector agroalimentario. Os contratos deberán

ter unha duración mínima de 12 meses. Para recibir o bono formación será indispensable que a compañía teña contratado o mozo ou moza.

Do que se trata é de identificar novas saídas laborais para os novos perfís profesionais e poder, desta forma, contar con profesionais máis preparados en sectores que precisan cualificación especializada, como son os dous en que se centra este ano Emprega Xuventude.

O Goberno galego busca con esta actuación consolidar na Comunidade galega o emprego estable e de calidade entre os menores de 30 anos, un colectivo en que se reduciu o paro no último ano nun 21,22%, segundo o último dato da Enquisa de poboación activa (EPA).

Así mesmo, a Xunta prevé con esta iniciativa axudar ao tecido empresarial galego a gañar en competitividade ao dispoñer de traballadores máis axustados ás súas necesidades e contribuír a fixar poboación xuvenil nas vilas e cidades de Galicia.

Emprega Xuventude forma parte da Axenda 20, a folla de ruta con que o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade adecuando a formación dos traballadores galegos aos perfís profesionais que están demandando as empresas. A través desta planificación, o Goberno galego puxo en marcha este ano outros programas como as unidades formativas, no que cal participan catro empresas (Coren, Coasa, Exlabesa e Previsonor) e no cal 130 desempregados terán a oportunidade de adaptarse as súas necesidades reais.

Dirixidas especificamente á mocidade, un colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego da Xunta, na Axenda 20 tamén se recollen as axudas para autónomos e a contratación con nove millóns de euros para beneficiar 1200 mozos e mozas; ou unha actuación que, dotada con 4,3 millóns, inclúe formación á porta para achegar os cursos a concellos que non contan con centros homologados. Neste caso, a previsión é impulsar a especialización de 2500 persoas.

## A XUNTA INVISTE 22,5 MILLÓNS DE EUROS PARA DAR PRIORIDADE Á MELLORA DA CUALIFICACIÓN DE 12.000 TRABALLADORES EN SECTORES PRIORITARIOS PARA GALICIA

- *O Goberno galego pretende con estas axudas adaptar a formación dos ocupados ás novas exixencias que demanda o mercado de traballo e, polo tanto, o tecido produtivo galego*
- *Destinaranse 9 millóns para formación sectorial dos cales máis de 2,3 millóns se reservan para o forestal, automoción, agroalimentación e enerxías renovables e 2 millóns para o naval*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria dedicará 4,5 millóns para o recoñecemento profesional asociado á obtención de certificados de profesionalidade, 3,5 millóns para autónomos e un millón para traballadores de empresas de economía social*
- *A convocatoria de axudas, que se publicarán no DOG nas próximas semanas, será plurianual, o que posibilitará a realización de accións cun maior período de duración e dará ás entidades maior flexibilidade para desenvolver a programación*
- *Darase prioridade aos cursos con maior demanda ou de maior inserción laboral e os vinculados aos sectores emerxentes e estratéxicos para a economía galega*
- *A iniciativa forma parte da Axenda 20 e súmase a outros programas xa convocados pola Xunta este ano para a mellora da formación que globalmente acadan ata o de agora preto de 130 millóns de euros*

A Xunta convocará nas próximas semanas as axudas destinadas á formación para ocupados nas que investirá 22,5 millóns de euros entre 2017 e 2018 para a mellora da cualificación de 12.000 traballadores galegos. Nesta edición, o Goberno galego priorizará os sectores emerxentes e os vinculados coa Industria 4.0. O obxectivo é adaptar a formación das persoas que contan cun posto de traballo ás novas exixencias que demanda o mercado laboral e, polo tanto, o tecido produtivo galego. Do que se trata é de atender aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional dos traballadores permitíndolles mellorar a súa empregabilidade.

A iniciativa, que se aproba hoxe no Consello da Xunta e que se enmarca na Axenda 20, está dirixida a centros e entidades de formación privadas acreditadas ou inscritas pola Administración pública competente para impartir a formación profesional para o emprego.

Dos 22,5 millóns de euros destinaranse 9 millóns para a formación sectorial, reservando máis de 2,3 millóns para os ámbitos forestal, da automoción, agroalimentación e enerxías renovables e 2 millóns para o naval. O resto dos 9 millóns distribúese entre outros sectores como os da pedra natural, téxtil e moda e os

emerxentes como a aeronáutica, a industria da saúde, a biotecnoloxía, a ecoindustria ou as tecnoloxías da información.

O Goberno galego, así mesmo, investirá 4,5 millóns para formación transversal; outros 4,5 para a cualificación e o recoñecemento profesional asociado á obtención dun certificado de profesionalidade; 3,5 millóns para autónomos; e un millón para os traballadores ou socios de empresas de economía social.

A convocatoria das axudas terá un carácter plurianual, o que posibilitará a realización de accións formativas máis complexas e cun maior período de duración, igual que xa ocorre coa formación para persoas desempregadas. Tamén dará ás entidades unha maior flexibilidade para impartir a súa programación. A cualificación que se imparta a través destes apoios da Xunta será catalogada polo Servizo Público de Emprego, polo que terá un recoñecemento a nivel nacional. Darase, ademais, prioridade aos cursos con maior demanda ou maior inserción laboral e aqueles vinculados aos sectores prioritarios para a economía galega.

Esta iniciativa forma parte da Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego prevé ata 2020 a creación de polo menos 80.000 novos postos de traballo. Para iso, entre outros eidos, está investindo na mellora da cualificación dos galegos. A formación para ocupados, polo tanto, súmase a outros programas xa convocados este ano polo Goberno galego neste ámbito, como son as axudas para a formación de persoas desempregadas, os obradoiros e programas integrados de emprego ou o plan Cualifica FP. Globalmente, incluíndo esta nova convocatoria para ocupados, o Goberno galego ten investidos xa este ano preto de 130 millóns de euros na mellora da cualificación dos galegos.



## **A XUNTA AUTORIZA DOUS NOVOS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 62 MILLÓNS DE EUROS NAS PROVINCIAS DE LUGO, PONTEVEDRA E OURENSE**

- *A instalación do parque Canedo estará nos municipios lucenses de Alfoz e Mondoñedo, mentres que Coto Frío se localizará no concello pontevedrés de Dozón e nos ourensáns de Piñor e O Irixo*
- *O primeiro contará con 3 aeroxeradores cunha potencia total de 13,5 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de enerxía de máis de 40.000 MWh, mentres que o segundo, con 12 máquinas e 36 MW, superará os 91.000 MWh*
- *Con estas autorizacións, o concurso eólico suma 27 parques e 650 MW, cun investimento global de preto de 825 millóns de euros*

A Xunta vén de autorizar dous novos parques eólicos: Canedo, que estará localizado nos concellos lucenses de Alfoz e Mondoñedo; e Coto Frío, nos municipios de Dozón (Pontevedra) e Piñor e O Irixo (Ourense). Trátase de instalacións enmarcadas no concurso eólico galego, que suporán un investimento de máis de 62 millóns de euros.

O parque eólico Canedo, promovido por Galfor Eólica, contará cunha potencia total de 13,5 MW a través da instalación de 3 aeroxeradores. Cun investimento previsto de 15 millóns de euros, este novo parque na provincia de Lugo alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual superior a 40.000 MWh. No caso do parque Coto Frío, promovido por Coto Frío, S. L., filial de Vector Verde, o proxecto está composto de 12 aeroxeradores, cunha potencia total de 36 MW, ten un orzamento que supera os 47 millóns de euros e estímase unha produción anual de máis de 91.000 MWh.

Con estas dúas novas instalacións, o Goberno autonómico suma así 27 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oural, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Oleirón, Neda, Figueiras, Serra do Faro, A Pastoriza, Cadeira e Boutareira, acadando un total de 650 MW e un investimento de preto de 825 millóns.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Dentro deste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na comunidade, ao que se suma a creación de máis de 2.000 empregos directos.

Así mesmo, tras impulsar o actual concurso eólico en 2010, o Goberno galego ten en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 160 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, os novos proxectos autorizados polo Consello da Xunta, suporán unha fonte de financiamento importante para cinco municipios galegos (Alfoz, Mondoñedo, Dozón, Piñor e O Irixo), que se poderán beneficiar da recadación obtida do devandito canon.

## **UN TOTAL DE 550 AUXILIARES DE CONVERSA IMPULSARÁN NO PRÓXIMO CURSO 2017/18 A APRENDIZAXE DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS NO ENSINO**

- *A Consellería de Educación renova o seu acordo co Ministerio para incorporar no curso que vén 470 profesionais*
- *A eles sumaranse outros 56, ben financiados pola Consellería ou ben a través da colaboración co Ministerio, co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens; así como outros 24 ao abeiro do convenio con Fulbright*
- *Esta actuación enmárcase na nova Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDUlingüe 2020, que prevé alcanzar os 1000 auxiliares*

O sistema educativo galego contará o próximo curso 2017/18 cun total de 550 auxiliares de conversa, que axudarán a seguir impulsando e estendendo a aprendizaxe dos idiomas estranxeiros no ensino, en liña cos obxectivos marcados na nova Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDUlingüe 2020, que prevé duplicar o número actual e alcanzar os 1000 nese horizonte. Neste contexto, o Consello da Xunta acaba de dar o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio do ramo para a selección de 470 auxiliares destinados a Galicia.

A estes 470 sumaranse outros 56, que se incorporarán ao sistema educativo galego, ben financiados pola Consellería, ben a través da colaboración interinstitucional co propio Ministerio, co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens. Así mesmo, tamén prestarán os seus servizos un total de 24 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico en inglés, ao abeiro do convenio asinado coa Comisión Fulbright. En total, a previsión para o curso que vén pasa por incrementar o número total de persoas que prestan este servizo en preto dun 10%, pasando das 504 do curso 2016/17 ás 550. Neste sentido, Galicia manterase como a segunda comunidade en ratio de auxiliares por alumno.

O convenio co Ministerio ascende a máis de 2,7 millóns de euros. Por idiomas, 445 serán auxiliares de lingua inglesa, 14 de lingua francesa, 7 de lingua alemá, 2 de lingua portuguesa e outros 2 de lingua chinesa. Estes profesionais desenvolverán o seu traballo maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Así mesmo, recibirán unha axuda económica e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

### **Estadía integramente financiada pola Consellería**

O Ministerio ocuparase de seleccionar os auxiliares e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería, que financia integramente a súa estadía na Comunidade, será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros

plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas. Ademais, tamén organizará unha xornada de acollida dirixida a todos os auxiliares participantes.

Cómpre destacar que, segundo os datos provisionais de que dispón o departamento educativo da Xunta de Galicia, o curso que vén haberá un total de 311 centros plurilingües (con plurilingüismo en Primaria ou Secundaria); 81 ampliarán por primeira vez o ensino plurilingüe a Infantil e 4 introducirano en Bacharelato. En canto ás seccións bilingües, aumentan en 211 ata chegar ás 4125, un 5% máis con respecto ao curso pasado.

### **Achegamento á cultura doutros países**

A figura do auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

A maiores, e debido ao alto perfil académico dalgunhas persoas candidatas, é previsible que fornezan un alto valor engadido aos proxectos plurilingües, por exemplo en ámbitos como os de materias STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñarías e Informática).

## **A XUNTA DESTINA 12 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA REALIZAR LAPAROSCOPIAS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva do material desbotable necesario para a realización de técnicas de laparoscopia para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde. Esta licitación, recollida no Plan de Compras Integradas 2016-2017 do organismo, ten un orzamento asignado de 12.312.620 euros, repartido en tres anualidades (2017-2019), e un valor estimado de 30,5 millóns de euros, como consecuencia de posibles ampliacións e prórrogas.

Esta é a primeira vez que se adquiren estes produtos a través dun procedemento de contratación centralizada, xa que na actualidade estes produtos mércanse dende as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) a través de procedementos abertos ou contratos menores. Isto permitirá acadar unha redución dos prezos de compra dun 15%, o que supón un aforro estimado de preto dun millón de euros anuais.

Logo desta aprobación por parte do Consello da Xunta, procederase á publicación da licitación, á valoración das ofertas e á adxudicación e formalización do contrato.

A laparoscopia es una técnica que permite observar o interior do abdome para realizar diagnósticos e intervencións. Para facela, fanse pequenas incisións na parede abdominal a través das cales se poden introducir lentes ópticas, equipadas con cámaras, e instrumentos de pequeno tamaño para realizar a operación, o que permite que o paciente se recupere antes e mellor. Trátase dunha técnica de cirurxía minimamente invasiva.

## **MEDIO RURAL ASINARÁ POR PRIMEIRA VEZ UN CONVENIO CO CLUB CAN DE PALLEIRO PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DESTA RAZA AUTÓCTONA EN PERIGO DE EXTINCIÓN**

- *O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe o acordo, que supón unha axuda económica de 20.000 euros, a razón de 5.000 euros para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020*

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club Can de Palleiro para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión desta raza autóctona e en perigo de extinción para o período 2017-2020. Este acordo supón unha axuda de 20.000 euros, a razón de 5.000 euros por ano.

A Consellería do Medio Rural estableceu no seu día as liñas xerais para a recuperación e conservación de todas as razas autóctonas galegas en perigo de extinción. Despois dun período de documentación, estudo e prospección do agro galego na procura de animais da especie canina, comprobouse a existencia dunha poboación comunmente denominada polos criadores como Can de Palleiro, composta por exemplares que gardan entre si unhas características similares e diferenciadoras doutras razas xa descritas.

Ao non tratarse dunha raza gandeira ou de produción (consideradas como tales as razas de aproveitamento) ata o día de hoxe careceu de axudas públicas para desenvolver os traballos necesarios en todo programa de conservación. Por iso, e a través deste convenio, preténdese seguir traballando na recuperación, conservación e fomento desta especie, que ten un grande interese social e cultural para Galicia.

As actuacións que recolle o dito acordo pasan pola busca de animais no campo que poidan responder ao prototipo racial do can de palleiro para solicitar a súa inscrición no rexistro fundacional da raza e comunicar os seus datos. Así mesmo, o Club Can de Palleiro terá que organizar, coordinar e supervisar os cursos de formación de xuíces especialistas para poder valorar os exemplares dos propietarios que desexen inscribir os animais no libro xenealóxico.

Tamén deberá organizar exposicións, concursos morfolóxicos, xornadas técnicas e charlas informativas para facilitar información aos criadores; así como a difusión nos medios de comunicación das actividades que realicen con esta raza. O fin último deste convenio é conservar os recursos zooloxicos de Galicia.

**Can de palleiro**

Actualmente, e segundo o libro xenealóxico, en Galicia están rexistrados arredor de 1.000 exemplares. Trátase dun animal que destaca como can de pastor, de compañía e de garda do gando. Dadas súas características morfolóxicas e de estabilidade psíquica, podería chegar a desenvolver funcións de policía, en catástrofes, guía, narcotráfico, exército, etc.



## MEDIO AMBIENTE APOIOU O DESENVOLVEMENTO DE CASE UN CENTENAR DE ESTRATEXIAS LOCAIS DE ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO

- ***A Consellería de Medio Ambiente levou hoxe a Consello un informe sobre a orde de axudas para a elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental***
- ***O importe total dos proxectos subvencionados elévase a máis de 360.000 euros***

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio concedeu axudas a case un centenar de iniciativas para o desenvolvemento de estratexias de adaptación a nivel local para loitar contra o cambio climático.

Trátase dunha orde de axudas dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, que ten como principal obxectivo integrar a adaptación ao cambio climático na planificación municipal, polo que se apoiaban aquelas iniciativas que contribuíran a mellorar o comportamento das entidades locais fronte a este fenómeno, con base no estado ambiental actual (enerxía, residuos, sectores produtivos, ecosistemas singulares, cidadanía), e que axudaran á definición das mellores opcións de adaptación ao cambio climático.

A Consellería de Medio Ambiente destina máis de 360.000 euros ao desenvolvemento dun total de 83 iniciativas que se poden agrupar en tres tipos de proxectos ou estratexias.

Do total, un 55 -é dicir, un 66,28%- teñen por finalidade a elaboración dunha estratexia integral fronte ao cambio climático. (Ao final do comunicado xúntase unha táboa co tipo de proxectos subvencionados).

O deseño deste tipo de traballos parte nunha análise inicial e exhaustiva das diferentes condicións que repercuten ambientalmente na zona; como a eficiencia enerxética dos elementos lumínicos existentes, a xestión dos residuos sólidos urbanos, ou a contaminación do aire. Tendo en conta os resultados acadados establécense unha serie de recomendacións que poñer en marcha por parte do concello, como o cambio das luminarias nos edificios municipais por outras máis eficientes, a instalación de placas solares, a ampliación ou cambio na frecuencia de recollida de certos tipos de residuos, a creación de carrís bici, entre outras medidas.

Neste grupo, destacan as iniciativas presentadas polos concellos de Negueira de Muñiz, Antas de Ulla, A Fonsagrada, O Incio, Baños del Molgas, Parada de Sil e A Pastoriza, que desde o punto de vista técnico presentaban unha maior calidade.

O segundo tipo de proxectos máis solicitado foi o da redacción de plans con que facer fronte aos riscos de incendios forestais en determinados concellos de Galicia, un total de 16 e a maior parte dos concellos solicitantes están en áreas onde o risco de incendio é elevado. Neste caso, destacan os traballos que presentaron os concellos de Becerreá, Cortegada, Gome sende e Guntín.

En terceiro lugar, atoparíamos a redacción de Plans Municipais fronte ao risco de inundacións. Al igual que no caso anterior, a maioría dos concellos solicitantes son zonas cun alto risco deste tipo de fenómeno. Neste tipo de actuación, acadaron a condición de beneficiarios 6 proxectos, que representarían un 7,23% do total.

Destas iniciativas, sobresaen as realizadas para os concellos da Pontenova e Riotorto (que presentaron solicitude conxunta), así como a presentada polo concello das Pontes de García Rodríguez.

Tamén entre as estratexias locais, destaca a presentada polo Concello de Cariño, que consiste nunha iniciativa centrada na adaptación do turismo ao cambio climático así como o seu efecto na demanda enerxética no concello.

Cómpre recordar que esta iniciativa pretende apoiar as entidades locais para favorecer que os concellos integren a loita contra o cambio climático nas súas políticas, incidindo especialmente na necesaria adaptación ás consecuencias derivadas do quecemento global que está a sufrir o noso planeta.

<b>AXUDAS PARA ELABORACIÓN DE ESTRATEXIAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL COA FINALIDADE DE INTEGRAR A ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO NA XESTIÓN E PLANIFICACIÓN PÚBLICAS (ORDE DO 26 DE ABRIL DE 2016)</b>		
<b>- ESTRATEXIAS A DESENVOLVER POLOS BENEFICIARIOS AGRUPADAS (EN PORCENTAXE) -</b>		
<b>ESTRATEXIAS A DESENVOLVER</b>	<b>PROXECTOS</b>	<b>IMPORTE CONCEDIDO</b>
Estratexia baseada na adaptación do turismo ao cambio climático	1,20 %	1,20 %
Deseño dunha estratexia integral adaptada ás características do Concello	66,28 %	69,13 %
Estratexia baseada na xestión de residuos	1,20 %	1,20 %
Estratexia centrada na adaptación fronte ás inundacións	1,20 %	0,84 %
Redacción dun Plan de Actuación Municipal fronte ó risco de incendios	19,28 %	17,13 %
Elaboración dunha estratexia conxunta dun PAM fronte ó risco de incendios e dun PAM fronte ó risco de inundacións	1,20 %	1,20 %
Redacción dun Plan de Actuación Municipal fronte ó risco de inundacións	7,23 %	7,07 %
Redacción dun Plan de Emerxencias Municipais	2,41 %	2,23 %
<b>TOTAIS</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

## **A XUNTA REFORZARÁ DE NOVO O SERVIZO DE DEPENDENCIA DE AXUDA NO FOGAR CUN INCREMENTO DE 1,2 MILLÓNS DE HORAS ANUAIS**

- *Esta medida fará posible sumar 4.026 novos beneficiarios desta prestación e superar a final de ano as 20.748 persoas usuarias*
- *En dous exercicios (2016 e 2017) teranse reforzado as horas dispoñibles neste servizo en máis de dous millóns e aumentado o número de usuarios nun 36,5%*
- *A Administración autonómica triplicou o orzamento destinado ao financiamento do SAF Dependencia nos últimos oito anos, pasando de 20,4 millóns en 2009 a 59,3 no actual exercicio de 2017*

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe que recolle un novo aumento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas que teñen limitada a súa autonomía persoal (SAF Dependencia) que será efectivo a partir do vindeiro mes de setembro. Así, o Goberno galego levará a cabo un incremento de 1.284.180 horas anuais, que representa unha suba dun 21,09% de horas financiadas aos concellos. Esta medida fará posible sumar 4.026 novos beneficiarios desta prestación para chegar a final de ano aos 20.748 usuarios, e ademais estímase a creación de 1.000 novos empregos vinculados a esta prestación.

Deste xeito, o Executivo autonómico confire un novo impulso ao Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD) e, en especial, a este servizo, que xa o ano pasado experimentou un incremento de 1.010.724 horas financiadas aos concellos. É dicir, en dous exercicios a Xunta terá reforzado as horas dispoñibles de SAF en máis de dous millóns e aumentado o número de beneficiarios nun 60,84%, pasando dos 12.899 persoas usuarias en maio de 2016 ás 20.748 que o serán en decembro de 2017.

Ademais, este novo aumento nas horas de SAF Dependencia á disposición dos concellos leva unido un incremento do financiamento estimado en relación asignadas nun 13,40% (2,6 millóns máis en 2017 e 7,96 millóns máis en 2018). Ao respecto, cómpre indicar que o orzamento inicial para este servizo en 2017 ascende a 59,39 millóns de euros, un 20 % máis que na anterior anualidade coa finalidade de non soamente de consolidar o mantemento da atención actual senón de incrementalala.

Con esta medida, a Xunta responde ás necesidades de novos usuarios de 287 concellos e de 7 mancomunidades ou agrupacións de concellos que están pendentes de atención, habilitando a atención adecuada ás persoas demandantes con base tanto nas súas necesidades actuais como na súa situación económica. Estes novos beneficiarios do SAF sumaranse aos preto de 49.000 persoas que na data actual reciben algunha prestación por parte do sistema de atención á dependencia.

Envellecer e vivir na casa, aínda que se teñan problemas de dependencia, é a fórmula preferida polas persoas maiores, pola poboación en xeral e polos/as cuidadores/as familiares. As recomendacións dos expertos e dos organismos internacionais defenden tamén dar prioridade nos sistemas de atención a aqueles recursos que permiten facer efectiva esta opción. En consonancia co anterior todos os países avanzados que teñen en marcha sistemas de protección da dependencia priman nas súas políticas o desenvolvemento dun conxunto de prestacións e servizos de proximidade, nos que a atención no fogar é o eixo.

O servizo público de axuda no fogar é o recurso máis demandado pola poboación maior que necesita algún tipo de axuda, así como polas súas familias cuidadoras. Nos estudos realizados, o SAF valorase moi positivamente (91,6%) como solución máis adecuada para poder seguir vivindo na súa casa,

A Xunta de Galicia, entre as súas políticas sociais de atención á dependencia, está a facer aposta clara e decidida polos servizos profesionais, tendo en conta que a data 30 de xuño de 2017 o 77,06% do total das prestacións recoñecidas o son a través dun servizo profesional. Concretamente, o Servizo de Axuda no Fogar representa en Galicia o 30,13% do total das prestacións recoñecidas fronte ao 16% da media nacional, unha porcentaxe que se elevará ata o 37,38% con este novo aumento de 1,2 millóns de horas que se desenvolverá a partir do vindeiro mes de setembro.

Así mesmo, a Administración autonómica destinou entre o ano 2009 e 2017 un total de 340,65 millóns de euros ao SAF Dependencia. Este montante económico significa que o financiamento deste servizo multiplicouse practicamente por tres nos últimos oito anos, pasando dos 20,4 millóns de euros presupostados en 2009 aos 59,3 consignados para este ano.

O incremento de financiamento e das horas dispoñibles no SAF obedecen ao compromiso do Goberno galego de propiciar a atención adecuada ás persoas solicitantes en base ás súas necesidades actuais e ao desexo de permanencia no seu contorno familiar. Ademais, con esta iniciativa se segue a impulsar a rede de servizos públicos profesionais de atención á dependencia e tamén o financiamento ás entidades locais que son as encargadas da xestión do servizo de axuda no fogar.

Este novo reforzamento do servizo de axuda no fogar converte a Galicia na primeira Comunidade Autónoma en canto á porcentaxe de persoas atendidas a través deste servizo sobre o total das prestacións recoñecidas.